

Expediente 17996/407

**INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL
DE URBANISMO PARA O ANO 2026**

De acordo co preceptuado no artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, ao Orzamento do Organismo Autónomo uniráselle, entre outra documentación, un informe económico-financeiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, para atender ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e en consecuencia a efectiva nivelación do Orzamento.

-I-

ORZAMENTO DE GASTOS

O Estado de Gastos contén as consignacións orzamentarias necesarias para atender todas as obrigas contraídas por este organismo e acada un importe total para o ano 2026 de 11.789.290,61 euros, un 3,17% inferior ao de 2025 (ano no que os fondos europeos representaban o 27% do Orzamento, fronte ó 10% previsto para 2026).

A análise do Orzamento de Gastos realízase tendo en conta os distintos capítulos orzamentarios.

Capítulo I. Gastos de persoal

Neste capítulo figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, seguridade social, formación e fondo social. A súa porcentaxe nos gastos totais é do 56,68%.

O incremento previsto do capítulo 1º de gastos de persoal, respecto deste exercicio 2025, é do 1,94%. Dito incremento débese, con carácter xeral, á previsión de subida retributiva (1,8%), pero tamén á actualización das partidas de antigüidade.

De resultar que unha norma aprobada con posterioridade recollese unha actualización non prevista neste orzamento, o capítulo I dispón de vacantes para facer axustes con cargo ás mesmas, dotando os postos ocupados coa porcentaxe que correspondese á actualización.

Recolle tamén, este capítulo I do Orzamento para 2026, as modificacións previstas na modificación da RPT, aprobada inicialmente na Xunta de Goberno Local de 5 de xullo de 2024 (expediente 17996/407).



Capítulo II. Gastos de bens correntes e servizos

A cifra global deste capítulo II incrementábase case un 33% en relación co exercicio 2025. A pesar que xa non existen importes dedicados á redacción do Plan Xeral (rematada en maio), introdúcense novas partidas e incrementáanse as de desenvolvemento urbanístico.

Incorpórase a partida 1510.2020000 “Bolsa alugueiros municipais” cunha dotación de 700.000,00 euros, dos que 500.000,00 euros están afectados ós ingresos que se poidan realizar polo aboamento dos arrendatarios.

Incrementábase un 9,5% a partida de asistencias técnicas de desenvolvemento urbanístico. Mantense as previsións para os proxectos de expropiación e urbanización, para o contrato de mediación para alugueiros sociais, así como para a redacción do Plan do Ensanche e do Proxecto construtivo do edificio VPP-dotacional de Barreiro (este cunha suba do 7,69%), en función da anualidade correspondente.

Engádese unha partida de 45.000 euros, para dotar a anualidade 2026 do Convenio coa Universidade de Vigo para a posta en marcha en mantemento do “Observatorio da Vivenda en Vigo”.

Consígnase un ano mais, cun importe total de 413.820,00 euros para 2026, o servizo da Oficina de Rehabilitación da Vivenda.

Prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (alugueiros, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencias técnicas e outros contratos de servizo), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

O resto de partidas do capítulo II non experimentan variacións respecto das consignacións iniciais do exercicio actual, destacándose a de execucións subsidiarias que ten o carácter de ampliable conforme coa Base 6ª das de Execución do Orzamento.

Este capítulo II representa o 23,75 % do Orzamento total do Organismo.

Capítulo VI. Investimentos reais.

Neste capítulo inclúense investimentos financiados con cargo a fondos propios, tantos os necesarios para o funcionamento adecuado dos servizos urbanísticos (maquinaria e instalacións, mobiliario, equipos informáticos e reformas do edificio), como os que favorecen o desenvolvemento urbanístico: expropiacións e adquisicións de solo, cotas de urbanización a cargo do Concello e investimentos en bens do Patrimonio Municipal do Solo.



SERVIZOS
CENTRAISXERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMOCONCELLO
DE VIGO

No total do orzamento, as consignacións iniciais do capítulo VI de investimentos reais, supoñen un 17,43%. Os cambios incorporados respecto do Orzamento 2025 son os seguintes:

As limitadas consignacións dalgunhas partidas como “expropiacións” ou “investimentos en bens de uso público”, compénsase coa utilización do produto da xestión do patrimonio municipal do solo a través das correspondentes xeracións de crédito que se realizan ao longo do exercicio.

Mantense as partidas de equipos informáticos e reformas no edificio da Xerencia pola necesaria e permanente renovación destes equipos, así como pola necesidade de acondicionamento do inmobile sede do Organismo, na que se debe primar a eficiencia enerxética.

A utilización da partida “*Edificio Esturáns para alugueiro social*”, cun crédito inicial de 1.859.814,77 euros, está condicionada á existencia dos ingresos provintes doutras Administracións (fondos europeos/PEV 2026-2030) e dos que se obteñan polo alleamento do PMS. Partida de financiamento afectado conforme coa Base 6ª das de Execución do Orzamento.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Mantense as partidas destinadas ás axudas á accesibilidade nos edificios cun crédito de 60.000 euros, ás subvencións da iluminación de edificios históricos (dotación de 10.000 euros) e ás axudas para a adecuación de vivendas para alugueiro social (150.000,00 euros).

O capítulo VII de transferencias de capital descende notablemente respecto ó Orzamento 2024, porque xa non se inclúen os fondos provintes de Europa destinados para subvencionar rehabilitacións nos “Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada” (ERRPs).

Representa este capítulo, cun importe total de 220.000,00 euros o 1,87% do total do Orzamento.

Capítulo VIII. Activos financeiros.

Este capítulo recolle o importe máximo dos préstamos reintegrables concedidos ao persoal propio da Xerencia. O seu financiamento figura no concepto de ingresos que contempla a devolución dos devanditos préstamos. Supón o 0,27% do orzamento total.



- I I -

ORZAMENTO DE INGRESOS

O Orzamento de Ingresos ascende a 11.789.290,61 euros, un 3,17% inferior ao de 2025, pola xa citada diminución da previsión de ingresos dos fondos europeos.

Realízase a seguinte análise por capítulos:

Capítulo III. Taxas e outros ingresos

Neste capítulo inclúense as taxas que gravan a expedición de documentos, a tramitación de licenzas (obras, primeiras ocupacións e actividades), as sancións por infraccións urbanísticas e as execucións subsidiarias. A porcentaxe nos totais é do 21,27% fronte ó 17,11 % de 2025.

Á vista da execución rexistrada no que vai do ano 2025, as previsións dos conceptos incluídos neste capítulo increméntanse un 20,41% de media, en función da recadación acadada a 30 de setembro de 2025. Increméntanse especialmente as previsións de ingresos por sancións/multas urbanísticas e pola liquidación das taxas pola tramitación de licenzas de obras que a 30 de setembro supera os 1,5 millóns de euros (fronte os 1,3 millóns euros de recadación neta de 2024). A recadación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras impútase ó Orzamento do Concello.

Capítulo IV. Transferencias correntes

O importe do capítulo cuarto no total do orzamento representa o 55%. Neste capítulo figura a achega do Concello á Xerencia Municipal de Urbanismo por unha contía de 6.273.000,00 euros, o que representa un incremento do 1,92% respecto do mesmo concepto en 2025.

O concepto Transferencia Oficina Rehabilitación, cunha previsión de 211.875,84 euros, recolle algo máis do 50% do custo deste servizo, en base a aplicación do artigo 30, letra g) do Proxecto de Real Decreto do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, que fixa o financiamento nun máximo do 80% do custo das oficinas de rehabilitación. Non se chega a esta porcentaxe por quedar pendente o peche das axudas dos ERRPs que realiza a propia Oficina de Rehabilitación e que conta cun financiamento específico.

No seu conxunto, o capítulo IV experimenta un incremento do 1,95% respecto do ano 2025.



SERVIZOS
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Capítulo V. Ingresos patrimoniais

Recolle os xuros polos depósitos da Xerencia nas entidades financeiras, cun importe de 405.000,00 euros (imposición a prazo fixo do excedente de liquidez, mantendo a dispoñibilidade dos fondos) e os ingresos realizados polo arrendatarios das vivendas que o Concello poña a disposición (500.000,00 euros).

Representa este capítulo o 7,68 % do total.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Se recolle o importe da axuda para a construción do edificio Esturáns, aprobada polo Acordo número 40 (programa 6) da Comisión Bilateral (Estado-Xunta de Galicia) de data 19.12.2023, modificada pola Addenda I de data 2 de decembro de 2024. Dito importe deberá ser reconducido, no ámbito no proxectado Real Decreto do PEV 2026-2030 (artigos 14 e 24). Dito concepto forma parte do financiamento afectado/ampliable da partida de gastos 1510.6800200.

O capítulo VII representa un 10% do total do orzamento.

Capítulo VIII. Activos financeiros

Inclúe as devolucións dos préstamos concedidos ao persoal propio da Xerencia por un importe idéntico ao do exercicio anterior: 32.000 euros (0,3% do Orzamento total).

No lugar e data da sinatura electrónica

Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da XMU



Copia do documento - Concello de Vigo

17996-407

Data impresión: 21/10/2025 10:26

Páxina 5 de 5

CSV: AAAHD7-2CAAEF-462925-8WQTZG-RAMEPH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>